



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -aytochantada@infonegocio.com

DECRETO 237/2015 DE 30 DE OUTUBRO DE 2015

ASUNTO: SOLICITUDE FRACCIONAMENTO DO PRAZO DE REINTEGRO DO SALDO DEBEDOR DA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DA PARTICIPACIÓN EN TRIBUTOS DO ESTADO DO ANO 2013

Visto que na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais constan os datos correspondentes á liquidación definitiva da Participación en Tributos do Estado do exercicio 2013, co seguinte detalle:

Concello de Chantada:

Total participación exercicio 2013: 1.552.874,66 €

Entregas a cuenta variables 2013: 1.644.443,40 €

Total liquidación negativa: - 91.568,74 €

En canto á devolución destes saldos debedores, no artigo 72 da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2015 estableceuse o habitual procedemento de cancelación dos saldos debedores, a cargo das Entidades Locais, que se deriven da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado do ano 2013, non obstante, o Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, inclúe o réxime especial de reintegros de ditos saldos debedores.

Destá forma, tales reintegros podrán fraccionarse no período de 10 anos, excepciónando así o réxime aplicable con carácter xeral e contido na Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2015. Se flexibiliza polo tanto a devolución dos saldos debedores da liquidación do ano 2013 das Entidades locais, habilitando o mesmo procedemento que para as liquidacións negativas de 2008 e 2009 cun prazo de devolución de 120 mensualidades, a contar a partir de xaneiro de 2016, e sempre que o soliciten as propias entidades locais afectadas e cumplan cos requisitos contidos en dito Real Decreto-Lei, análogos ós establecidos para o reintegro das liquidacións negativas de 2008 e 2009.

Tendo en conta a repercusión sobre as disponibilidades da tesoureiría municipal :

Cantidade a reintegrar en orixe	91.568,74
Cantidade anual a reintegrar no réxime xeral fraccionamento en tres anualidades (art 72 LPXE)	30.522,91
Cantidade anual que a reintegrar co fraccionamento a dez anualidades(D.A. 3ª Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.desde 2013 a 120 mensualidades	9.156,87
MAIOR CAPACIDADE DE PAGO ANUAL DERIVADA DO FRACCIONAMNETO EN 10 ANUALIDADES DA DEVOLUCIÓN DA PIE DO EXERCICIO 2013	21.366,04

Sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno municipal, ACORDO.

PRIMEIRO. Que o Concello de Chantada solicite o fraccionamento do prazo de reintegro do saldo debedor da liquidación definitiva da participación en tributos do estado do ano 2013 de acordo ca Disposición Adicional décima do Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de forma que a partir do 1 de xaneiro de 2016 os reintegros mensuais aplicables ascenderían a 763,07 € resultado de dividir o importe da liquidación definitiva entre 120 mensualidades.



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -aytochantada@infonegocio.com

SEGUNDO. Que o Interventor, remita a solicitude de ampliación do prazo de reintegro ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da OVELL antes do 1 de novembro de 2015.

Chantada, a 30 de outubro de 2015.

O Alcalde,

D. Manuel L. Varela Rodríguez.

Certifico: O Secretario,

D. José M^º Baños Campo